

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.

Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 94

A CRUÑA 15 DE XUÑO DE 1919

O PROBLEMA AGRARIO EN HESPAÑA

¿A ONDE IMOS?

Os labregos, ós obreiros, a tódol-os cidadáns honrados.

O problema agrario é o problema mais grande de tódol-os pranteados en España; é o problema dos obreiros do campo que son mais que os obreiros das cidades; é o problema dos obreiros das cidades, que non poderán prosperar n-unha terra incul-ta; é o problema de tódol-os cidadáns, porque é o problema fundamental da produción; é un problema de democracia, porque mentras a terra non sexa libre os homes terán que ser escravos; é un problema de política, porque mentras non se resolva, a cidadanía non poderá ter libre expresión nas urnas.

O problema agrario tén lóstregos de traxedia nos campos andaluces. Consiste o problema andaluz en que a terra e de cinco ou seis potentados pra os que traballan tódol-os pobos; cinco ou seis donos que dilapidan rendas fabulosas e centos de pobos que se morren de fame sin esperanza de milloramento. Os labregos andaluces orgaizaronse pra poder viviren; pidiron ó Goberno axuda, estudo, e resolución pra os seus problemas; e o Goberno puxo mans á obra.

¿Sabedes o que fixo o Goberno?: coidades que nomeou unha Comisión pra estudar o problema; ou que convocou ás repersentacións labregas pra escoitar o seu ditamen; ou que, boa ou mala, ditou algunha disposición resolutoria. Pois estas ben trabucados: fixo moitas cousas, pero ningunha d'isas. Pirmeiramente suspendeu as garantías en toda Andalucía, decrarou en estado de guerra as porvincias mais agravadas; e nomeou un Delegado especial pra resolver todo. Ise delegado non foi un catedrático, nin un estadista, nin un especializado nos problemas

sociaes: foi un militar, o xeneral La Barrera.

Ise xeneral, como Delegado especial debemos supoñer que repersentaba o pensamento do Goberno. Fai unhos dias que cesou no seu cárrago, porque ó seu xuicio, xa resolveu o problema; y esprica a súa acertada misión dicindo que chegado a Andalucía deuse conta de camiño de que onde o problema estaba mais grave era en Xerez, porque era onde os labregos estaban millor orgaizados; e pechou as sociedades; e meteu no carce ás dereitivas; e tamén meteu no carce a tódol-os que protestaron das suas medidas; e vendo que ninguén mais protestaba deu volta pra Madrí a comunicar ó Goberno que aquelas terras estaban mais pacíficas que un camposanto.

¿Comentarios? ¿Qué millor comentario que o que queda esquirto? O xeneral fixo ben, porque fixo seguramente o que lle mandaron. Seus feitos foron aprobados pol-o Goberno. O que quér dicir que pra o Goberno de España a solución do problema agrario está en meter os labregos no carce, e en que non haxa orgaización; e en que ninguén proteste; e en que a xente se morra de fame. Según o Goberno a práctica d-unha libertade constituzonal, como é o dereito de asociación, resulta un atentado contra a paz da nación; según o Goberno, pra gobernare ben hay que prohibir a práctica da Constitución. Según o Goberno hay que meter no carce os que exercitan o dereito de asociarse. Según o Goberno pra gobernare, as leises non poiden valeren nada pra os cidadáns. Con iste Goberno os ministros violan a Constitución e non pasa nada; os cidadáns exercitan un dereito e van ó carce ¿En qué país vivimos? Será verdade que eisiste Europa? ¿Será verdade que preto de nós

hay un mundo civilizado? ¿Será verdade que en España hay leises? ¿E! será tamén verdade que en España hay homes?

Por iso, si é certo que en España ainda hay homes, perguntábase ó comenzo, por iste camiño de opresión, de salvaxismo, de tiranía quiritaria, ¿a onde imos? ¿A onde nos queren levar os que gobernan?

FOLLAS NOVAS;

A novela galega en galego mais moderna...

A "Biblioteca galeguista," que xa editara o notabre compendio de Gramática galega, de Leandro Carré, agora acaba de publicar a novela que conquistou o primeiro premio no certame literario de A NOSA TERRA. Ista novela, como sabedes, noméase "O Diputado por Veiramar," Seu autor é o insine poeta Gonzalo López Abente.

"O Diputado por Veiramar," refrexa de xeito sinxelo y-ameno a comicidadê chea de miserias da nosa política vilenga. Veiramar é unha vila pequena que s'asomella a tódal-as pequenas vilas galegas. Os retratos dos homes de releve, das forzas vivas d'eses pobos miudos están feitos de man de mestre. As veces os seus perfís, fánnos lembrar das augas fortes. Tamén a semblanza do "pito ben," que se troca en Diputado e que vai percorrer en trunfo o seu distrito, parez mesmamente collida do natural.

Logo os amores sensuaes d'Ampariño e os amores cheios d'ideialidade da dona de Romelle, eisí coma o remorso e o arrepintimento do marqués de Nemancos e a doorosa caída da filla do cacique de Veiramar, teñen un interés fondamente emocional. Tamén costitue un acerto a figura do zapateiro mendón que, marrulleiro, ateigado de laberquería, ceiba a verdá en pingotas, de cando en cando.

Ista novela de Gonzalo López Abente, e o primeiro ensayo de novela moderna que se fai en Galicia. Porque o autor de "Alentos da Raza," inda que no ambiente meigo d'a nosa terra, desenrola unha anécdota de xeito universal, nazonalizando o idioma

galego que en outros escritores da Terra nosa non sae endexamais d'instrumento d'espresión dialectal que esprofan algúns editores industrializantes do mais sagro e nobre.

O exemplo de Gonzalo López Abente, ten de atopar imitadores. Non se pode chamar ó corazón dos galeguistas de finura espíritoal con libriños onde, c'o ouxeto de facer cartos, pubricase calquera cousa que si en troques de sere galega fose castelana, ninguén lería e todos chamarían cativa.

Mais xa está publicado "O Diputado por Veiramar", n'unha edición feita, pero inda non luxosa, efecto da careza do papel, ó que seguirán outros libros moito millor imprentados e orixinás dos intelectuales galegos de mais soa.

"O Diputado por Veiramar", púxose xa á venda en tódalas librerías da Cruña e nas do resto de Galicia, e así coma na "Irmandade da Fala", da cidá herculina. Pois se trata d'un libriño ameno e barato, que leva unha chistosa portada de Castelao, véñse mercando coma pan bendito.

As letras galegas están d'embora. Os nosos grandes poetas, Cabanillas na "Mán de Santiña", e López Abente no "Diputado por Veiramar", queren erguer a nosa prosa, coma xa teñen erguido o verso. Agora agardamos algo bó de Victoriano Taibo.

"O Diputado por Veiramar", de venda en tódalas librerías, a 3 réas exemplar.

DE ARTE

Indalecio Díaz Valiño

Este rapaz cruñés, de vinte anos, progresa de maneira visíbre na escultura. Se non s'esmorecen os seus entusiasmos, chegará a ser, como Asorey, un artista imenso. Ten freba d'escultor xenial.

Nos seus traballos latexa con gracia o espírito da nosa raza. E de fonda sensibilidade e de refinado bó gusto. Olla o natural sereamente.

Espuxo n'unha vidrieira d'un comercio da Cruña un grupo escultórico nomeado «As netas». Unha vella aldeana, acochada n'un mantelo, apreixa docemente contra do seu peito a dúas rapaciñas tenras e sinxelas. Acerto admirabile.

Eiquí onde hai gabanzas para todo, inda que sexa cativo, merez unha loubra sinceira Indalecio Dí z Valiño, irmán d'outro bó artista; o noso Camilo. ¡Adiante rapaz!

"Toxos e froles" e "Cantiñas da Terra"

Estes dous coros enxebres na derradeira festa da Praza de Touros, probaron como progresan, e canta é a súa valía. Eles son merecentes d'unha embora querendosa.


O notabre músico Lois Taibo, que asistiu ó concerto, fíxonos ouservare como a primeira cantiga que deixou ouvir «Toxos e Froles» ten ritmo andaluz y-é de fonda somellanza con unha andaluza.

Tamén falaba aquel mestre, cheo d'entusiasmo, da cantiga de pandeiro que nos dou o coro cruñés. Este coro cantouna con moito amore e mestría. E elo nos parez ben, pois as cantigas de pandeiro son as nosas mais típicas, porque o seu ritmo é «único» na música. E o mais dino de se conservare.

¡Benia ós nosos coros!

Triadas druídicas


Axeitadas por Vicente Risco



Os tres fundamentos de Entendimento

- Conecemento da opinión.
- Conecemento da contra-opinión
- Conecemento da tendencia.
- Conecemento da contratendencia.
- Conecemento da eventualidade
- Conecemento da contraeventualidade.

O entendemento é o comprendere a Esencia do sere —e do seu contrario se se pode



Responden bós galegos á nosa "enquette"

DA ORTOGRAFÍA NA LINGOA PATRIA

Opinión de Leandro Carré

Cando pol-a primeira vez ensayei o escribír en galego non se me ocurriu o empregal-a ortografía fonética que usa o mestre Ribalta. Foi mais fácil para min o escribír d'ecordo co que tñia lido nos moitos libros que lévanse imprentados na nosa fala. É mais: confeso que ao caer nas miñas mans o "Libro de consagración", hai anos, custoume caro entendelo, e moitas páxinas tivenas que ler duas veces para me decatar do que escribira o poeta. Na escritura fonética, ousérvase na "Escolma de poesías de Rosalía", editada recentemente en Barcelona, fanse unhas combinaciós que ao pronto deixan a un pampo: "dolos", "tel", "questo", etc. pois forman novas palabras que non se atopan en ningún dicionario; hai outras, tales coma: "boa", "bello", "aas", etc. que fan nacer dúvidas: se será unha "andurñía boa", ou se "a andurñía voa"; se "terá aas", ou "se irá ás terras de lonxe",... Eu conozo un entusiasta galeguista, que gusta de ler as obras galegas, que pediu con encarecemento un exemplar da "Escolma", e desencantado deixouno á un canto porque non o entendía. Hai que ter en conta que os ollos están afeltos á ver outros sinos, outras letras, nas palabras, e desconcértanos ese grande cambio.

A escritura fonética ensayouse noutrora no castelán, no francés, e selque nalgún outro idioma, e foi abandonada.

Eu creo que produce grandes confusións para a rápida comprensión do que se íe.

Non estou tampouco pol-a adoución absoluta da ortografía portuguesa; que se ben o portugués ten moita somellanza co galego, non é tanta que faga dos dous idiomas un só.

Pero entendo que a "nova ortografía", adoutada en Portugal dende 1911, despois d'un fondo estudo feito por unha comisión de profesores, presididos por Doña Carolina Michaelis de Vasconcellos, pertencente á Universidade de Coimbra, e galeguista entusiasta, préstanos grandes servícos aos galegos, pois ven á sere coase a ortografía usada pol-os escritores galegos de fines do século XIX-XX.

O "Compendio de Gramática Galega", de que son autor, e que foi editada pol-a Irmandade, está escrito, como todos os meus traballos, con suxección á tal ortografía, salvo pequenas diferencas que son propias da nosa lingua.

Creo que por ser fácil, crara, e sobre todo porque á ela estamos afeltos dende fai moitos anos, esa debe ser a úneca que debe empregarse, xa que é tamén a usada pol-a "Academia Galega".

De Iglesias Roura

Iste distinto irmán a quen lle pedímol-a súa

opinión sobre tan interesante pleito, veunos dicire cousas de moita semellanza ás que, con fonda craridá, ten esposto D. Leandro Carré nas liñas anteriores. Principalmente no que se refiere a ortografía foética. Con esta ortografía ningún estranxeiro poderá traducire as cousas galegas.

De Florencio Vaamonde

Iste cultísimo académico, tan querido e admirado por nós, con que temos falado, díxonos en resumo:

—O galego e o portugués antigo se non diferenciaban mais no que fai á ortografía que no emprego pol-os primelros da *Ph* e da *Nh*, inda que n'algús documentos galegos vése tamén. A ortografía galega crásica é, fora d'aquelas letras, coase a mesma portuguesa, sobre todo no que respeta á *J*, *G* e *X*. A ortografía galega de hoxe é a ortografía castelán apricada por corrución á nosa língoa. Tería, pois, de se modificare..

O Sr. Vaamonde, opina de maneira mol parecida a do Sr. Viqueira.

Unha ouservación de Fernando Osorio

Fernando Osorio, director do Conservatorio Nacional do Arte Galego, que s'educou en Lisboa y-é tamén bó gramático, dounos istas liñas:

“Dixo o señor Ribalta no seu artigo publicado n-este boletín, que na ortografía portuguesa existen consoantes dobradas que soan cal simpres, tales como a dobre *ss*. Permítame o señor Ribalta que lle diga qu'está n-un erro, pois no portugués a *s* cando está entre vocaes ten un soldo mol diferente da *ss* dobre que únicamente se emprega entre vocaes pola única razón de dárle un soldo distinto.

Exemplificando dírel que as palabras *asa* substantivo e *assa* presente do verbo *assar*, pronuncianse ben distintamente. E así n'outros casos numerosos..

BERROS DE LOITA

GALIZA:

Esperta do teu sono de pedra.

Mesmamente parez que estás morta, com'as vellas catedrás románicas.

Esperta pra sempre, érquete feramente e libérate das cadeias de ferro que fan de ti unha escrava jöh Galiza!...

Esperta, terra fértil e forte, e olla o hourizonte cravo que tés diante de ti.

Tendo vountá e optimismo chegarás ó cumio e outra ves has filare un hourizonte eterno...

Diante de nós está o mundo, inda que sexa calquer'o camiño...

¿Non ves com'aló na serra, sobre da serra selvaxe, hai unha doce craridá escintilante?

Xa vai sendo día e xa alumea o sol.

CORREA CALDERÓN

LÍRICA GALEGA

DO BERCEE A COVA

I

N-un viaxe pol-o mundo,
a Fada das Ilusións
atopóu dous rapaciños,
paxaros no primeir vóo.

O neno mirando ô ceo
con ollos de soñador,
pideulle para os seus xogos
unha rayola de sol.

Ferida xa d'un cariño
que ll'enchía o corazón,
mimosa, mirando ô neno,
pideulle a nena unha frol.

II

Anos dimpóis, unha tarde,
a Fada ô lugar volvéu,
y-alcontrou, xa feitos mozos,
os nenños da outra vez.

O mozo, sentindo as ansias
d'unha coroa nas séns,
soñando sempre c'os cumes,
pideulle un trono de rei.

A mocíña namorada,
vivindo para un querer,
pideulle unha frol de novo,
a rosa dos beizos d'él.

III

Vellos fixéronse os mozos,
y-ás portas da morte xa,
volveu a velos a Fada
noutro viaxe ô lugar.

O vello, que tiña en gróreas
do mundo antigos afáns,
pideulle unha sepultura
pasma das novas edás.

Y-a velliña, a santa vella
que adora ô vello galán,
piden ser frol sobre a caixa
en que o leven a enterrar!

RAMÓN CABANILLAS.

NOTAS MARIXINAES

Novas do mundo

Romatada a guerra europea, das cinzas do mundo vello está xurdindo un mundo novo. Estase esmorecendo unha civilización caduca pra dar paso a outra civilización mais humana que se aveclía. Unha nova idade, unha nova vida.

Coma en todol-os grandes ciclos da Hestoria tamen n-este virá do Oriente a nova aurora. Os nazonalistas, fillos d-ista nova vida, debemol-a mirar con fe, e debemos pensar qu'ela ha de traguer a lus para a caduca Iberia.

* * *

Todal-as grandes épocas da Hestoria caraterízanse pol-o trunfo d'algún principio civilizador. A nova idade que encomenza caraterízase pol-o trunfo das liberdades colectivas. Por

iso o tratado de Paz de Versalles non significa o romate da guerra entre as grandes Potencias; mais a guerra seguírá entre os pobos, porque o trunfo do novo ideal civilizador require tres guerras, pol-o menos. A guerra europea que finou en Versalles significa o acabamento das grandes oligarquías políticas que monopolizaban os destinos nacionaes. Agora percísase unha guerra ou moitas guerras para libertar ás nazonalidades oprimidas: non por outra causa se loita aínda na metade de Europa. C-o trunfo do principio nazonalista virá a Liga das Nazons, que os vellos diplomáticos quixeron crear en Versalles e non poideron, porque a Liga das Nazons supóu antes de nada un mapa do mundo asentado definitivamente sobor das fronteiras satisfactorias ás aspiracións nazonaes de cada pobo.

Denspois ou simultaneamente virá a gran guerra para o acabamento das oligarquías capitalistas que monopolizan a vida económica dos pobos. Somentes con istes tres grandes trunfos polde trunfar o principio das liberdades colectivas.

* * *

A primeira guerra, lxa rotmada, significa o trunfo do ideal civil sobor do ideal militar, supóu un gran avance no pensamento político da humanidade.

A segunda guerra significa a derrota da vella teoría da incompatibilidade internacional que armaba uns Estados contra outros, pol-a nova teoría da sociabilidade internacional que armonizará as nazons n-un *statu quo* permanente non porque conveña ós gobernantes, sinon porque conveña ós pobos. A primeira teoría víña sere o réxime do liberalismo individualista na vida internacional; a nova teoría ven a ser o rexime socialista entre as nazóns.

* * *

Día tras día o mundo nos anuncia o novo cambio. Son novas guerras, novos problemas, novos acontecementos que fan que a maioría das xentes contemplan con espanto iste espectáculo incompreensible e asurdamente tráxico. Mais isto samente é na superficie: no fondo todos istes fenómenos levan o mesmo fin; é a Humanidade, cuyas esperencias renovadoras teñen que ser cruentas n-un campo de experimentación tan vasto; mais axíña veremos como de tan complicado laboratorio ha de salir luminoso e armónico o novo principio civilizador.

Namentras debemos estudar serenamente todol-os aspectos da nova vida, debemos prepararnos, preparar a nosa terra pra nova vida; porque, por ley fatal do progreso, val logo a soar a hora en que as nazonalidades oprimidas poldan estixr contas ós vellos Estados opresores; e jall d'aquelas nazonalidades que non cheguen a apersoarse a tempo; ficarán ô márxe do mundo civilizado que siguíra t unfal o seu camiño.

L. PEÑA NOVO.

Di un xornalista no "Sol": "Unha Constitución que castigue o mesmo ó simple cidadán que ó ministro... O día que un ministro vaya ó cárcere antre unha parella da Guarda civil, haberáse salvado Hespaña".

Conformes.

FOGUETES

Galicia lévalle algúns séculos de dianteira a Estremadura e Andalucía. Nós xa imos pondo remate á custión d'os foros, redimindo de señorios podres a terra d'os nosos eidos, namentras os andalucés e mais estremeños aínda teñen que dar empezo ós seus problemas c'ó estabrecimento d'os foros.

* * *

As terras d'o Estado en Galicia, por seren d'o Estado, son de Castela, Andalucía e demais rexións d'a Hespaña. Mellor sería que nós cedésemos a parte que temos n'as terras alleas e que os alleos cedesen a parte que teñen en Galicia. ¿Non é mellor que cada rexión sexa dona d'o seu chan?

* * *

Se o progreso d'os pobos está en razón inversa d'o tamaño d'as chaves d'as portas, como decía un mestre que tiven, tamén é certo que a cultura verdadeira está en razón direuta d'o respecto ás tradicións. Por iso en Compostela as chaves son grandes e as casas novas son de cemento.

* * *

Xa estamos fartos de arqueólogos; agora complen arquitectos.

CASTELAO.

Nada mais tráxicamente bufo que o feito de se chamaren "agrarios" ós cuneiros gassetistas enquistados en Galicia.

¡Agrarios os causantes da traxedia de Nebra! ¡Agrarios unhos señoritos ridícolos e chulos que non conecen o idioma dos nosos labregos nin saben o que é un arado!

Merez ser escravo un pobo que tolera ises noxentos poltiquiños... E os cativos galegos que os apoyan están pidindo a picota.

DA VIDA MUNICIPAL

TEMOS QUE LOITAR

O Directorio do partido nazonalista galego ten mentes d'aconsellar a todol-os seus correligionarios de Galicia que traballen con xeito para que nas eleicións municipais próximas poida o galeguismo levar representantes de seu aos Concellos.

O nazonalismo pode e debe intervenir na vida municipal da nosa Terra c'ó ouxeto de sementar onde queira o espírito galeguista e a honradez cidadana.

Conquerindo postos nos Concellos, teremos a cotío tribuas para a porpaganda do ideal da redenzón galega.

Por iso o Directorio do partido nazonalista ven estudiando o asunto do xeito qu' é comenente facelo.

Os nosos amigos de tódol-os pobos da

Patria teñen, pois, que pensar n'isto con moita seriedade.

Alí onde se poida levar un edil nazonalista ó Concello, hai obriga d'ire á loita.

Mais o tempo urxe, e percísase facelas cousas con tempo.

As improvisacións cadran mal.

Unha das da media ducia d'actas que o parvino ministro de Graça e Xustiza, recomendou ó Supremo, e a de Coria.

¡Xa oral! O candidato triunfante, Rivas Mateos, era liberal. E o derrotado un sobriño do "puritano" Maura. E hai que procurar pol-a familia.

Non ten nada do bobo de Coria o Sr. de Mata-mala. Inda que o pareza.

POEMAS CURTOS

I

Mais santo, mais doc'e tenro
qu' o corazón d'a nalcía,
¡habrá curazós n' o cevo
mais non acó n'a tefriña!

II

Q u e n d'a nal pérd'o carño,
é n' o mund' un mal pocado,
¡se non lle queda un canciño
que lle lamb'as maus ó lado!

III

O amor d'a nosa terra,
é com'ó d'a nal quirida,
s'ises amores n'houbera,
¿quén nos consolab'a vida?

F. SALGADO Y LÓPEZ-QUIROGA.

A FARSADA NOVA

Os diputadiños de rueiro

Xa se teñen elexido novos diputados provinciais ¿E qué? ¿Intervén o pobo n' isas eleicións? ¿Sabe o pobo algo d'elas?

Agás en Cataluña, y-en Euskadi, ditas eleicións son unha farsada mais do réxime incivil que priva na Hespaña.

Sinifican pautos de caciques. Amaños de xentes dinas da picota. Trouladas de vividores da política noxenta.

Hoxe en Galicia o sere diputado provincial, supón escravitude ás oligarquias que teñen a sua crave na Porta do Sol de Madri e os seus cimentos na incultura e na laberquería dos rueiros da Terra.

¡Sempre os mesmos nomes dos mesmos candidatos no candeeiro!

Iste ano, n'oustante ollamos algúns povos. Un d'eles, do Ferrol. Que ten ben ganado o posto pol-o moito que leva dobregado a espiña diante dos caciques. E outro agrario, criado de Gasset e dos causantes da traxedia de Nebra...

¡Que pena nos causa o que Ferrol tan

axiña dea mostras d'un barudo espertar coma d'unha postración e unha preguiza musulmanas!

¡Que lástima que o verbo elocuentísimo de Matías Usero, d'este home culto, popular y-entusiasta da cidadanía, non volva a resoar aló para erguer os corazóns dos apoucados! Matías Usero a quen tanto queremos e admiramos, tería de falar.

Novas da causa

Os días 25, 26 e 27 d'este mes faceráse en Pontearas o V Congreso agrario provincial no que terán representación tres centas sociedades agrarias pontevedresas. Iste importante Congreso adrede escolleu o propio coto do bugallalismo para darlle a batalla.

Os catro Congresos anteriores foron para conquistar dos Poderes públicos, granxas, escolas, centros d'educación técnica, canto de xeito progresivo percisa Galicia. O d'agora, sen esquecer todo isto, millor dito, para impór todo isto, tratará concretamente d'unha seria organización política contraria ós partidos do turno.

Tamén na Cruña faceráse no mes próximo a VII Asambleia agrícola galega.

Inda que poidamos estar trabucados, temos mais fé y-entusiasmo pol-a de Pontearas que pol-a da Cruña. O tempo dirá.

* * *

Os valentes agrarios de Negreira pensan publicar un boletín de loita nomeado *A Fouce*.

Os nazonalistas de Villalba fixeron un grande mitin de propaganda n'aquela fermosa vila:

Os nazonalistas de Monforte, axiña irán semental-as suas ideias en Sarria e n'outros pobos lugueses.

* * *

No próximo Agosto haberá un gran certame de coros galegos en Mondariz.

Quenes desexen enterarse das condicións do mesmo, diríxanse a D. Antonio Almagro, n'aquel pobo.

O GALEGO E O CASTELÁN

Un xuízo da Pardo Bazán

"O rexionalismo é problema de larínxe. Trátarei d'espriarme. Uns idiomas son simpáticos e outros non. Hainos que rascan a gorxa. Hai outros que a acarician. O italiano e o portugués son dos derradeiros. O castelán xa soa algo duro. O catalán mais aínda.

Fixen a proba dicindo versos en voz alta de diferentes idiomas. Só media hora resistía a recitación castelán; e unha hora ou hora e media

poidia sen molestia algunha recitare no francés, italián ou galego.

Estas ouservaciós fixenas dimpois de pasala fronteira e ouvir castelán logo de non telo ouvido d'algún tempo. Parez moi dura a língua, moi fortes os soidos. Coidárase que rifan e disputan os que non fan senon parolare.

N'un artigo datado en Bucarest o Sr. Bastena fala do mesmo asunto. Nota a dozura d'outros idiomas, en comparanza co'a pronunciación castelana. Deduce que o castelán dos tempos heroicos se non parez nada ó d'agora, pensando no que falan os hebreos e os americáns.

O xeitura da larinxe é quizais un rasgo das razas. Fai algús días no Real de Madrid, notel que namentras os cantantes falaban en castelán desentoaban desagradablemente, e cando servíanse do galego s'axeitaban moi ben á música."

Isto di a Pardo Bazán, que antano foi tan nemiga da nosa língua e que inda dous anos atrás negaba a raza galega que hoxe reconece, ao pasare, no seu artigo de *A Nación*, de Buenos Aires, do qu'é o trecho anterior.

Pero doña Emilia tamén dí: «eu non domino tanto o galego para que poida escribiré n'él». ¿Non vedes eiquí un escomenzo tardío d'arrepentimento en quen nunha das suas novelas chegou a pôr: *la procesión de los calladitos*. Doña Emilia agora atopa doce o galego; e mimoso o acento enxebre das nosas mulleres. ¡Oh parväs e parvos que o disimulades!

Pois coma doña Emilia falou un día Villaspesa, poeta andaluz. Se eu soubera —dixo— o galego, non facería versos castelás porque o castelán é moi duro e se non axeita ben para a poesía.

Persoalidades de Vigo e Ourense, traballan para conseguiren o ferrocarril Ourense-Zamora e bara que o porto de Vigo seia o punto d'enlace das comunicaciós internacionaes atlánticas.

Ben, moi ben. ¿E que fai o Ferrol, que fan Ortigueira, Viveiro Foz e Ribadeo, que xa se teñen esquecido do ferrocarril da Costa? ¿Agardan que ll'o dean os deputados cuneiros?

DE FORA A DENTRO

Respondendo a unha pregunta

O xornal cruñés *El Orzán* tomou d'este boletín a nova de que na tempada do inverno que ven s'estrenará no Liceo de Barcelona a ópera galega *A Virxe do Cristal*, de Cabanillas e un notabre mestre de música da nosa Terra.

E logo pregunta: ¿por qué ire dar a conecer unha obra nosa a fora, denantes de que a teñan conecido os da casa?

Por moitas razóns e mol de peso. En primeiro termo, porque un libreto en galego costaría mais caro impoñelo eiquí qu'en Barcelona. En segundo, porque música galega e d'un músico galego, inda sendo xenial, antre nós

ninguén a xugaría boa. Haberla gabanzas con "sordina". E todol-os que agardan a opinión dos xornaes para dál-a sua ficarían na dúbida de se era ou non dina de síncelras loubas a obra.

Ademais, na Cruña nin'o resto de Galicia hai orquestas compretas para intepretare unha partitura d'ópera.

Se *A Virxe do Cristal* trunfa en Barcelona, faceráse logo en Madrid tamén; terá mais garantía para América que sendo estrenada acá, antre nós. E logo, xa os d'acó acolleránna ben por forza. Com'a maioría dos galegos non teñen confianza n'eles mesmos...

E agora outra nova. Véñense facendo xestíós que van por bó camiño, para que a orquesta de Rabentós estrene tamén en Barcelona unha "suite", de ares galegos, do mestre Lois Talbo qu'estaba escrita para orquesta compresa e se ten arregrado para instrumentos de arco samente.

A ise estreno siguirán outros de cuartetos rexionaes de compositores novos.

E cando Rabentós veña a Galicia xa ouviremos cousas nosas que os d'eiquí non tocarían por coldalas *cursis* ou pouco *chic*. Se é que os d'eiquí inda non se opoñen a que figuren nos programas da Filarmónica cruñesa, que todo poldera socedere...

Gabanzas para un médico galego

O Dr. Mansilla, oculista do Hospital Xeneral de Madrid díxolle n'unha carta ó Dr. Sal Lence, noso distinto amigo e paisano, referíndose ó derradeiro libro publicado por iste e do que xa temos falado, pois honora a cencla galega:

"Sr. Dr. Sal Lence.

Moi señore meu e distinto compañeiro; Recibín sua estimada catta eisi com'os traballos que me remítlu e que xa eu tñía lido con fondo pracere nos boletís profesioaes.

Coido que tivo vosté unha idea feliz ao publicare seu intresante traballo sobre do astigmatismo, oftalmometría y-esquiascopia, contribuíndo a que tan importantes asuntos de refracción seian conecidos por todol-os médicos non adicados á nosa especialidade.

A forma crara e sinxela co'a que vosté espón ditas materias, fai que teñan de sere comprendidas por todol-os médicos, facilitando moito o conecimento dos vicios de refracción os grabados que axelta vosté no testo

Considero que han sere de grande utilidá suas publicaciós a todol-os compañeiros que teñen que reconecere quintos, o mesmo nos Concellos que nas Comisiós mixtas ou nos Hospitaes militares pois c'o conecimento do astigmatismo, do oftalmoscopio, do oftalmómetro e a esquiascopia poden resolverse cantos problemas se lles persenten c'o actual cadro d'exeucións para o servicio militar, moito

mais compreto que o anterior en canto reffrese ás afeicións do aparato da visión.

Doulle a embora pol-o seu brillante traballo que ll'agradecerán os compañeiros e fico de vosté afelmo. s. s. q. ll, e. s. m.

SINFORIANO GARCÍA MANSILLA.

FINOU UN GRANDE DRAMATURGO PORTUGUÉS

Marcelino Mesquita

Finou en Lisboa o grande dramaturgo portugués, Marcelino Mesquita; e nós que ollamos agarimosamente prós nosos irmáns da banda d-aló do Miño, non podemos deixar de rexistrar pesarosamente a perda que acaba de sofrer Portugal coa morte d'unha das principaes figuras do seu teatro.

A obra de Mesquita que foi traducida a moitos idiomas, non é eiquí, infelicamente ben conecida, pois apenas últimamente se representou en galego o pasatempo *Unha anécdola*, que ainda que é unha obra de grande orixinalidade non ten comparanza co-as que deron nome ó glorioso morto, tales como *Peraltas e Secias* na que se revela un espírito crítico mordaz que pinta preciosamente e castiga unha época histórica ridícula; *Envellecer*, drama moderno admirablemente feito e a *Pérola*, cicais a sua principal producció.

Por termos recebido esta triste noticia no momento de pechar a edición, non podemos como quixéramos e merece ocuparnos mais estensamente na persoalidade do insine escritor.

VERBAS ACESAS

¡CARNEIROS!

Hay gallegos que se avergonzan de que ll'o chamen, e teñen moita razón. Porque a nosa terra non é mais que un país a medio civilizar, un pobo que camflia entre sombras, co-as costas sempre viradas pra onde nace o sol, levando n'a testa o sello d'a escravitude e no lombo as ensanguentadas lastras d'o látigo d'o amo.

Parez que nacemos condenados a vivir com-o oso, amarrados sempre pol'o focifio c-unha cadea...

Si nos recargan o consumo, calamos; si nos pertence unha cédola de peseta e nos zampán unha de cinco, calamos tamén; si a un fillo noso lle rouban o número pra libraren o d'un ricaclo, non protestamos; si perdemos un preito porque o cacque traballou en contra, quedándonos o fin y-o cabo sin casa e sin terras, non protestamos tampouco.

¡¡Recorclo, tanto calar!!...

¿Somos homes, somos cidadanos libres, ou somos carneiros?...

¿As leis sólo nos dan deberes que cumprir, ou tamén nos conceden dereitos que debemos facer respetar custare o que custare?

E unha vergonza, é unha verdadeira inominia, iso de que n-unhas eleucións marchemos formando rebafío detrás d'un cacique sinvergonza, d'un cacique ladrón, pra votar a quen él queira, pra votar a que o ten a él n'unha Deputación ou n-un Axuntamento, pra que se faga rico a conta d-o noso traballo, pra que pouco a pouco nos vaya deixando sin pan pr'os fillos e sin camisa que vestir.

¿Somos carneiros? Entón sigamos pol'o mesmo camiño e deixemos que nos rouben o número no sorteo, que nos dobren o consumo, que nos leven o voto e máis a muller tamén si lles apetece.

¿Somos homes? Entón debemos unirnos e loitar contra ese fato de galopins que levan a conciencia dentro d-o estómago, e a honradés n-os tacóns d-os zapatos.

Debemos unirnos, pra volver por esta terra tan vilmente ultraxada, a onde Bugallal e outros tales mandan parentes e amigos convertidos en deputados, como quen manda cabalos de raza ou abono mineral.

Debemos unirnos, pra barrer a todos eses pillos que viven amparados por unha política corrompida, política de manga ancha, onde todos tramponean e rouban.

Debemos unirnos todos, e loitar hastra que nos Axuntamentos se administre con equidade e xusticia, pagando cada un o que deba pagar, e se atenda debidamente as necesidades de cada parroquia, hastra lograr que os Axuntamentos deixen de ser o que veñen sendo: ¡a cova onde a pandilla d'o cacique reparte o producto d'os roubos cometidos durante o ano!

Si falta esta unión entre nós, si non nos dispoñemos a loitar en defensa d'os nosos intereses, as nosas mulleres, avergoñadas d'a nosa debilidade e d'a nosa fraqueza, serán as que, a última hora, terán que levar a cabo unha obra que non fomos capaces de facer por fforantes e cobardes.

¡¡E por carneiros!!...

ROGELIO RIVERO.

Vigo.

Peneirando...

Fablán Vidal no *Sol* publicou un artigo falando dos caciques d'algunhas rexións d'España, que desgobernaron en Madrid d'ende a Restauración.

E aquel un artigo moi ameno.

Estuda primeiro o andalucismo (tempos de Cánovas e Romero Robledo). Logo o galeguismo, que ven despois da perda das colonias. E derradeiramente, o levantínismo.

*Do silvelismo—di Fablán Vidal—se ten pasado ó galeguismo, etapa de transición que non durou moito. O galeguismo foi a marru-

llería pleittista, a solidaridá con disimulo, mais invencible, a rede de randas mestas que envolve ós peixes bisofios na turboada do remoiño pérfido. Proyección das oligarquías galicias, d'esos poderes extralegás que s'arredan da violencia franca e prefiren a coacción caladriamente aprelxaobre, resultaba admirabile na hora dos falsos arrepenimentos colectivos, dos golpes de peito nacionás, dos propósitos d'enmenda berrados en público, namentras se guíña o ollo ó compadre cómprice...

Si; ista política noxenta, que sigue rixindo en Galicia, é a que os políticos galegos levaron a Madrid ¡Malla a eles!

Mais agora trunfa o levantínismo xudío, que une a lei pol-o seu revés á martingala; qu'e único e brutal; que non perdoa, mais sabe humildarse se a humillación pode ser froitífera; que s'enrosca no alcubilla e fire co'a navalla dos "resultandos", e esprotora a sensibilidade dos parvos. ¿Falan de Cerva?

II II II

Ao sindicato agrario católico de Cubelle (Mondofedo) regaloulle mil pesos unha persoa que oculta o seu nome.

Para os agrarios de Narón donaron xa fai tempo outra boa cantidá outros señores.

¡Se xurdira o exemplo! Se os ricos fosen convencéndose de qu'él milloro protexel-a xustiza que facer caridades.

II II II

Ao alcalde de Lugo, Sr. López Pérez dóuselle un xantar para desaldraxal-o d'unha protesta que fixeron algús concexás contr-o cobro do novo imposto sobre do viño.

Por mor de aquela protesta, o Sr. López Pérez, persentara a súa dimisión do cárego. E para que a retrase foi o xantar.

Inda que non sexa un Montaigne o alcalde de Lugo, é unha antoridá modelo en moitos aspectos. Inclou grandes milloras na cidá do Sacramento. Mais de xeito material. Pois en política é tan cacique coma os caciques a que nes sirve.

E veal: os veciños de Lugo que están conformes co'a maneira de pensare dos concexás protestantes, quixerón facer outro xantar en honore d'estes.

E o gobernador—¡oh tempos mauro-cervistas!—prohibiuno, como xa prohibira un mítin.

Mal feito. Está ben estimulare ós bos alcaldes. Mais d'iso a trocalos en infalibles... en insustitubles...

Todol-os nosos cacicatos veñen d'isto, De contar c'o diputado, que nos dea feital-as cousas; c-o alcalde...

Aforrándonos nos de traballar e de colaborar na vida pública. Alonxándonos d'ela pasenlamente. Que a un home bon, soceda outro millor... Elsi quere a democracia.

II II II

Contan que a un dos obreiros da Cruña que foi levado ó carce d'unha vila d'Ourense, cando a folga, os labregos d'aquela vila, ollábanno coma un opeestado. Como se fose o demo.

E inda algunha autoridá rural quería facelo asistir a misa.

Gracias a que a Guardia civil interviu defend'nd'o dereito do obreiro encarceado.

S'e certo, espricámonos que sexan escravos os labregos d'aquela vila. E que teñan a Bugallal por un Deus.

Tipográfica Obrera.—Socorro. 3

MATERIAES DE CONSTRUCCION

Cemento Asland

Madeiras -- Carbón

CENTRO XENERAL DE SEGUROS

ICNACICIEIICPL

NA CRUÑA

Fábrica de Xergóns

e catres metálicos

ORZAN 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

VIÑOS FINOS

RIOXA - MEDOC

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

WALDO LOSADA - A CRUÑA

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión.

LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A millor da Cruña

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Farmacia Europea

— DE —

López Abente

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da súa crase que mais honran a Galicia. Montada con arreglo ós derradeiros adiantos.

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

XUAN VAZQUEZ PEREIRO

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rúa estreita de San Andrés. — A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todo'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? Porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores produtos i-a limpeza mais esquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESVO

GRAN HOTEL, RESTAURANT E CAFÉ

“La Perla,”

Director Propietario: RAMON BARRIO

Ruas de Juana de Vega, 23 é Fonseca, 3 (toda a manzán)

Hai automóvil e lancha-motora, propiedade do Hotel, ao servizo dos señores viaxeiros

É o Hotel mellor e mais moderno da Cruña

Faise cárrago de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS

BARREIRA, 7

FOTOGABADO

A CRUÑA

Telef. 434

Os viños e coñás millores

son os qu'eiporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un emsprendido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eiportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

Lloyd Real Holandés

Amsterdam

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saídas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, intermedia e 3.ª clás.


Pra informes respeito a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó

Axente xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO.



FRÁBICA MECÁNICA DE CALZADO

— DE —
ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA

LA MODERNISTA GRAN SALÓN DE BARBEIRIA

— DE —
RAMOSEACEA

San Andrés 94, 1.º — A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos hixénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, loclós e friclós de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopará o público un servizo permanente a cárrago dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.

EFECTOS NAVALES

DE
FERRER Y COMPAÑÍA—SUCEORES

F. BERTRAN e MIRAMBELL

VIGO e A CRUÑA

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102. — A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés **ROUCH**

Rexenerador **ROSTAM** pra os animaes debles, pra que as gallinas poñan mais hovers, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.ª — A CRUÑA

SASTIRERÍA

DE

AMBROSIO GUDE

RUA REAL, 59-1.º

N-este acreditado estabrecimento, que conta co'a clientela mais elegante da Cruña, fáñse traxes á medida, uniformes milltares e demais prendas de vestir.

Todo con arrego á derradeira moda.


HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada Prado
A CRUÑA



COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña

A derradeiro do mes aproximadamente e salvo continxencias, sairá para á Habana e Veracruz o rápido paquete correo

VENEZUELA

Prezos do pasaxe (incruídol-os impostos)

		Habana	Veracruz
Primeira crase	Ponte paseo:		
	Camarotes de luxo.	Ptas. 2.053'75	2.138'75
	Id. exteriores	> 1.668'75	1.753'75
	Ponte superior:		
Segunda crase	Camarotes exteriores	> 1.498'75	1.593'75
	Id. interiores	> 1.293'75	1.378'75
	Ponte inferior.	> 1.293'75	1.378'75
Preferencia.	> 1.103'75	1.088'75	
TERCEIRA CRASE.	> 808'60	798'60	
		328'60	343'60

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente

O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo